

Diario Oficial de Galicia

martes, 21 de setembro de 2010

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Número do Dog:	182
Páxina do Dog:	16.182
Data da Disposición:	7 de setembro de 2010
Sección:	I. DISPOSICIÓNS XERAIS
Organismo:	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Rango:	Orde
Título:	Orde do 7 de setembro de 2010 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

Orde do 7 de setembro de 2010 pola que se incorpora un novo procedemento ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, que permite a presentación por vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións. Esta orde inclúe no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, un novo procedemento, co fin de continuar impulsando o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento da actividade da Xunta de Galicia e no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto no artigo 2.2º e a disposición adicional primeira b) e derradeira primeira do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, créase o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regúlase a atención ao cidadán.

DISPOÑO:

Artigo único

1. Inclúense no anexo VII do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, procedementos para os cales está habilitado o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, e queda habilitado cos efectos previstos no seu artigo 5.1º o seguinte procedemento:

MR237B.-Axudas ás agrupacións de defensa sanitaria de Galicia.

2. O procedemento para a tramitación electrónica estará dispoñible no enderezo

[http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-](http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia) de-galicia

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

© Xunta de Galicia

Información mantida pola Xunta de Galicia

Servizo prestado pola Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza

Correo electrónico: **webdoga@xunta.es**